



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA



# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO


Marzo 2025

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2025

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Índice de comercio polo miúdo (ICM). Marzo 2025

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes rexistrou en Galicia, no mes de marzo de 2025, un incremento do 2,2% con respecto ao mesmo mes do ano anterior, no conxunto de España o aumento foi do 3,7%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación aumentan un 0,7% e no Resto de produtos creceron un 2,3%.
- As vendas minoristas aumentan en quince comunidades autónomas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes crece un 1,9% en Galicia no mes de marzo de 2025 con respecto ao mesmo mes do ano anterior, e no conxunto de España medra un 3,9%.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa do 0,3% en Galicia e do 1% no conxunto do Estado.




## 1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes crece un 2,2% en Galicia en marzo de 2025 con respecto ao mesmo período do ano anterior e un 3,7% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo medra un 1,4% en Galicia e un 3,7% en España respecto a marzo de 2024. Desagregando por produtos:

- A Alimentación incrementa a facturación un 0,7% en Galicia e un 3,2% no conxunto de España.
- O Resto de produtos medra un 2,3% en Galicia e un 4,7% no conxunto do Estado.



Nos tres primeiros meses do ano, as vendas minoristas aumentan un 1,1% en Galicia e un 2,3% en España. Rexístrase un incremento das vendas en Alimentación (1,7% en Galicia e 2,3% en España). No Resto de produtos as vendas mantéñense sen cambios en Galicia e incrementáanse en España (2,7%).


## 2. Índices por comunidades autónomas

As vendas aumentan en taxa anual en quince comunidades autónomas. As comunidades con maiores incrementos son País Vasco (6,8%), Madrid (6,4%) e Murcia (5,9%).

No que vai de ano, o índice aumenta en todas as comunidades autónomas agás en Asturias (-0,2%). As taxas máis altas preséntanse en Murcia e País Vasco (4,5% en ambas) e Castilla-La Mancha (3,5%).

## Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Marzo 2025

### Taxas de variación (%)



### 3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo a prezos correntes aumenta un 1,9% en Galicia no mes de marzo de 2025, e un 3,9% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo rexistra unha taxa do 1,9% en Galicia e do 4,8% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un 1,6% e no Resto de produtos un 2,4%. No conxunto do Estado, rexístrase un incremento do 5% nas vendas en Alimentación e do 4,7% no Resto de produtos.

Nos tres primeiros meses do ano, o índice medra un 1,3% en Galicia e un 2,8% en España. As vendas en Alimentación aumentan un 2,6% en Galicia, menos que en España (4%). As vendas no Resto de produtos aumentan en Galicia (0,1%) e en España (2,7%).

### 4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 0,3% no mes de marzo en Galicia e do 1% no conxunto do Estado.


No que vai do ano, a ocupación medra un 0,7% en Galicia e en España un 1,2%.

## 5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en marzo en quince comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Navarra (2,8%) e Canarias (2,6%). As comunidades con diminución do persoal ocupado son Asturias (-0,4%) e Extremadura (-0,3%).

### Índice xeral de ocupación. Marzo 2025

#### Taxas de variación (%)



No acumulado do ano, a ocupación aumenta en quince comunidades autónomas. Canarias (3%) e Illes Balears (2,9%) rexistran os maiores incrementos. Perden persoal ocupado Asturias (-0,4%) e Extremadura (-0,2%).

## Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2021 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes, nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco sen IVE.
- Índice Resto: IPC xeral sen IVE sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o deflactor.

## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Marzo 2025

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		Interanual	No que vai de ano		Interanual	No que vai de ano
<b>Galicia</b>						
<b>Xeral</b>	115,1	1,9	1,3	96,7	2,2	1,1
Xeral sen estacións de servizo	113,8	1,9	1,2	94,7	1,4	0,6
Alimentación	120,2	1,6	2,6	92,7	0,7	1,7
Resto	109,0	2,4	0,1	100,0	2,3	0,0
<b>España</b>						
<b>Xeral</b>	124,8	3,9	2,8	104,2	3,7	2,3
Xeral sen estacións de servizo	124,5	4,8	3,2	103,1	3,7	2,3
Alimentación	132,5	5,0	4,0	101,5	3,2	2,3
Resto	118,5	4,7	2,7	109,5	4,7	2,7

Fonte: INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Marzo 2025

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		Interanual	No que vai de ano		Interanual	No que vai de ano
<b>Galicia</b>						
<b>Xeral</b>	123,3	2,4	2,0	103,8	2,7	2,2
Xeral sen estacións de servizo	122,8	2,6	2,2	101,9	2,2	1,7
Alimentación	124,2	2,5	3,6	95,7	1,6	2,6
Resto	120,9	2,7	1,0	109,1	2,5	0,8
<b>España</b>						
<b>Xeral</b>	130,9	3,8	3,4	108,8	3,6	3,2
Xeral sen estacións de servizo	131,0	4,5	3,9	108,0	3,4	2,9
Alimentación	134,8	5,7	4,7	103,6	4,4	3,5
Resto	127,8	3,3	3,2	116,4	3,4	3,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Marzo 2025

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		Interanual	No que vai de ano		Interanual	No que vai de ano
<b>ESPAÑA</b>	<b>124,8</b>	<b>3,9</b>	<b>2,8</b>	<b>104,2</b>	<b>3,7</b>	<b>2,3</b>
Andalucía	126,2	3,4	3,2	105,3	3,2	2,8
Aragón	119,7	4,2	2,1	99,5	4,1	1,4
Asturias	116,2	-0,1	0,6	97,2	-0,5	-0,2
Baleares, Illes	117,0	2,2	2,2	97,4	1,4	1,2
Canarias	143,7	3,8	3,2	121,4	3,9	3,2
Cantabria	123,6	3,1	2,7	103,6	2,9	2,3
Castilla y León	120,2	2,3	1,6	99,3	2,0	1,1
Castilla-La Mancha	125,5	5,0	3,8	103,1	5,1	3,5
Cataluña	122,7	3,1	2,7	102,7	2,9	2,1
Comunitat Valenciana	124,4	2,8	2,3	104,2	2,7	1,9
Extremadura	119,9	0,3	1,0	99,9	0,0	0,6
<b>GALICIA</b>	<b>115,1</b>	<b>1,9</b>	<b>1,3</b>	<b>96,7</b>	<b>2,2</b>	<b>1,1</b>
Madrid	128,8	6,7	2,7	108,2	6,4	2,2
Murcia, Región de	121,5	5,5	4,6	101,5	5,9	4,5
Navarra	122,4	2,9	2,4	101,5	2,3	1,5
País Vasco	126,7	8,0	6,1	104,7	6,8	4,5
Rioja, La	122,9	4,1	3,0	102,1	4,0	2,7
Ceuta	125,0	8,1	5,4	101,8	5,5	3,0
Melilla	117,8	6,6	2,6	97,6	5,4	1,5

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Marzo 2025

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		Interanual	No que vai de ano
<b>Galicia</b>			
Xeral	103,1	0,3	0,7
Xeral sen estacións de servizo	102,8	0,2	0,5
<b>España</b>			
Xeral	105,2	1,0	1,2
Xeral sen estacións de servizo	105,3	1,0	1,2

Fonte: INE



**Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Marzo 2025**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		Interanual	No que vai de ano
<b>ESPAÑA</b>	<b>105,2</b>	<b>1,0</b>	<b>1,2</b>
Andalucía	107,8	1,8	2,0
Aragón	101,6	1,3	1,4
Asturias	97,6	-0,4	-0,4
Baleares, Illes	109,5	2,5	2,9
Canarias	112,0	2,6	3,0
Cantabria	102,6	0,9	1,0
Castilla y León	102,2	0,5	0,6
Castilla-La Mancha	107,0	2,5	2,3
Cataluña	101,7	0,4	0,5
Comunitat Valenciana	104,8	0,3	0,4
Extremadura	103,2	-0,3	-0,2
<b>GALICIA</b>	<b>103,1</b>	<b>0,3</b>	<b>0,7</b>
Madrid	108,8	1,1	1,4
Murcia	99,8	0,2	0,4
Navarra	104,0	2,8	2,4
País Vasco	102,9	0,6	0,8
Rioja, La	101,9	1,4	1,3
Ceuta	99,2	0,0	0,0
Melilla	101,2	0,0	0,0

Fonte: INE